

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

PREÁMBULO

É finalidade deste Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicología Xurídica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia ordenar o funcionamento organizativo da mesma.

Ten a súa referencia interpretativa nos Estatutos e no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Baséase na configuración da Psicología Xurídica como a especialidade que desenvolve dun xeito específico o amplo eido das relacións entre o mundo do Dereito e o da Psicología, tanto na súa vertente teórica, explicativa e de investigación como na aplicada, avaliativa e mesmo tratamental. Comprende o estudo, explicación, promoción, avaliación, prevención e, no seu caso, asesoramento e/ou tratamento daqueles fenómenos psicolóxicos, condutuais e relacionais que inciden no comportamento legal das persoas, mediante a utilización dos métodos propios da Psicología científica e cubrindo, polo tanto, distintos ámbitos e nivel de estudo e intervención: Psicología aplicada aos Tribunais civís, penais e de menores, Psicología Penitenciaria, Psicología da Delincuencia, Vitimoloxía, Psicología Xudicial (testemuñas, xurados...), Mediación, e, en xeral, todos aqueles procesos e condutas humanas directamente atinxidos pola aplicación das disposicións legais.

CAPÍTULO I

NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS

Artigo 1.- O nome da Sección é: Sección de Psicología Xurídica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Artigo 2.- A Sección abarca o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e agrupa a todos/as aqueles/as colexiados/as no Colexio Oficial de Psicología de Galicia que cumpren os requisitos específicos establecidos no Capítulo II deste Regulamento.

Artigo 3.- No marco do artigo 18 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicología de Galicia e da normativa xeral que emane dos seus órganos competentes, coa lealdade institucional e o respecto debido á política colexial marcada en cada período pola Xunta de Goberno. A Sección conta con autonomía para a súa xestión, funcionamento e desenvolvemento das actividades que contribúan á consecución dos seus fins.

Artigo 4.- Os fins da Sección son:

- 4.1. Potenciar o desenvolvemento científico, técnico e profesional da Psicología Xurídica.
- 4.2. Promover a cooperación e o intercambio de información e experiencia profesional entre os/as socios/as da Sección.

- 4.3. Promover a presenza institucional e en organizacións de carácter internacional e o intercambio con outras asociacións nacionais e estranxeiras que desenvolva a súa actuación no ámbito da Psicoloxía Xurídica.
- 4.4. Velar polo exercicio competente da profesión no seu ámbito, e por unha práctica da profesión de acordo co Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a, establecendo, se é o caso, os criterios de cualificación recomendables para un adecuado exercicio profesional.
- 4.5. Velar polo prestixio da profesión mediante a acreditación de profesionais e dos Programas de Formación de Posgrao dese ámbito específico, artillando a colaboración da organización colexial coa universidade e outras institucións, tanto para ditos programas como para a realización en xeral de prácticas profesionais regradas.
- 4.6. Potenciar a investigación e a formación no ámbito da Sección.
- 4.7. Potenciar a proxección pública da profesión.
- 4.8. Contribuír á consecución dos fins colexiais no ámbito profesional e científico propio da Psicoloxía Xurídica.

Artigo 5.- As funcións propias da Sección desenvolveranse a través das seguintes actividades, sen prexuízo do contemplado no artigo 3:

- 5.1. Organización de Encontros e Xornadas de Psicoloxía Xurídica, que considerarán no seu programa tanto cuestións científicas como profesionais, e das que se responsabilizará un Comité Organizador e un Comité Científico que será nomeado pola Asemblea de Socios/as da Sección a proposta da Xunta Directiva.
- 5.2. Edición dunha publicación que constitúa o instrumento regular de comunicación e divulgación científica e profesional da Sección, elixindo para tal fin un Consello de Redacción e un/unha Director/a a Asemblea de Socios/as da Sección a proposta da Xunta Directiva.
- 5.3. Difusión regular da información de interese relacionada co ámbito da Sección e con destino a todos/as os/as colexiados/as a través dos órganos xerais de información do Colexio, designando a Xunta Directiva un corresponsal para tal fin.
- 5.4. Organización, por iniciativa propia ou conxuntamente con outras entidades e institucións, de sistemas de apoio á formación, investigación e difusión científicas na Psicoloxía Xurídica.
- 5.5. Representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nas Xuntanzas, Congressos, Seminarios ou Xornadas de Psicoloxía Xurídica que se celebren tanto a nivel nacional como internacional, procurando a tal fin facilitar a asistencia aos mesmos dalgún membro da Xunta Directiva ou socio/a da

Sección en que esta delegue, quedando, neste caso, o/a designado/a obrigado/a a presentar un informe por escrito sobre o desenvolvemento do Congreso.

- 5.6. Apoio á creación entre os membros da Sección de grupos de traballo estables para a investigación, a formación e o intercambio científico. Para tal fin facilitará os medios organizativos dos que a Sección dispoña e asignará os medios económicos procedentes, conforme o previsto no artigo 22 deste Regulamento.
- 5.7. Seguimento da situación dos dispositivos institucionais, legais e docentes nos que desenvolven o seu facer os/as profesionais da Psicoloxía Xurídica, e realización de propostas e valoracións necesarias para o mellor cumprimento dos seus obxectivos.
- 5.8. Atención á calidade e rigor da práctica profesional dos/as psicólogos/as que traballan en Psicoloxía Xurídica, promovendo o desenvolvemento das accións de tipo organizativo e formativo necesarias para o seu incremento.
- 5.9. Difusión do Código Deontolóxico e progreso no seu desenvolvemento, estudando e proponendo as incorporacións propias que a práctica profesional da Psicoloxía Xurídica necesita, especialmente cando a intervención do/a psicólogo/a pode afectar á liberdade das persoas, como sucede na peritaxe penal e no traballo en Institucións Penitenciarias.
- 5.10. Estudo dos criterios e requisitos de cualificación recomendables para o desempeño profesional da Psicoloxía Xurídica.
- 5.11. Regulamentación da realización de peritaxes psicolóxicas solicitadas polos Tribunais de Xustiza. A tal fin, a Xunta Directiva designará a unha persoa que se responsabilice do listado de psicólogos/as encargados/as das peritaxes.
- 5.12. Representación do Colexio, cando así sexa necesario, naquelas instancias públicas ou privadas relacionadas co ámbito da actuación profesional da Psicoloxía Xurídica.
- 5.13. Seguimento da evolución do colectivo profesional da Psicoloxía Xurídica e mantemento actualizado da información sobre o mesmo.
- 5.14. Cooperación con outras asociacións científicas e/ou profesionais relacionadas co obxecto e os fins da Sección para a consecución de obxectivos de interese común.
- 5.15. Realización de propostas e informes á Xunta de Goberno para o desenvolvemento das accións colexiais necesarias para o mellor cumprimento dos fins da Sección.

- 5.16. Establecemento de relacións con asociacións de ámbitos xeográficos e culturais de interese preferente (Europa e Latinoamérica) para facilitar o mutuo intercambio e cooperación.
- 5.17. Estudo, informe e proposta das normas de orde legal (leis, decretos-leis, regulamentos, circulares ou instrucións dos órganos xurídicos ou administrativos) que afecten ao desenvolvemento da Psicoloxía Xurídica.
- 5.18. Administración dos recursos dos que en dereito dispoña e goberno da actividade que lle é propia.
- 5.19. Desenvolvemento da División de Psicoloxía Xurídica do Fondo Documental do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CAPÍTULO II

DA ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE SOCIOS/AS DEREITOS E DEBERES DOS/AS SOCIOS/AS

Artigo 6.- Poderán ser socios/as da Sección todos/as aqueles/as colexiados/as no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que acrediten o desempeño profesional actual ou no pasado en Psicoloxía Xurídica, xa sexa na súa dimensión docente, investigadora ou aplicada, ou ben formación especializada na mesma a través de sistemas especializados.

Artigo 7.- A solicitude de ingreso realizaraa o/a colexiado/a cumprimentando a solicitude prevista ao efecto.

Artigo 8.- A Xunta Directiva da Sección resolverá no prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude. O acordo de admisión ou rexeitamento definitivo tomarase por maioría absoluta debendo comunicarse ao/á interesado/a no prazo de quince días desde a resolución. En caso de denegación, esta será razoada. Ante este acordo da Xunta Directiva da Sección, o solicitante poderá presentar recurso ante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Artigo 9.- Os dereitos dos/as socios/as da Sección son os seguintes:

- 9.1. Asistir ás reunións da Asemblea de Socios/as da Sección, con voz e voto.
- 9.2. Elixir e ser elixidos/as para postos de representación ou exercicio de cargos directivos.
- 9.3. Exercer a representación que se lle confira en cada caso.
- 9.4. Intervir no goberno e nas xestións da Sección, como tamén nos servizos e actividades da Sección, de acordo coas normas legais e estatutarias.

- 9.5. Solicitar e obter explicacións sobre a administración e a xestión da Xunta Directiva ou dos mandatarios da Sección.
- 9.6. Recibir a información sobre as actividades da Sección.
- 9.7. Facer uso dos servizos comúns que estean a disposición da Sección.
- 9.8. Formar parte dos grupos de traballo.

Artigo 10.- As obrigas dos/as socios/as da Sección son:

- 10.1. Axustar a súa actuación ás normas estatutarias e/ou regulamentarias.
- 10.2. Cumprir os acordos da Asemblea de Socios/as da Sección e as normas que estableza a Xunta Directiva para levar a cabo estes acordos.
- 10.3. Satisfacer as cotas que se establezan para tales socios/as.
- 10.4. Prestar a colaboración necesaria para o bo funcionamento da Sección.

Artigo 11.- Son causa de baixa na Sección:

- 11.1. A propia vontade do/a interesado/a, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- 11.2. Non satisfacer as cotas fixadas.
- 11.3. Non cumprir as obrigas estatutarias.

O acordo de baixa, nos supostos 2 e 3, deberá ser tomado por maioría absoluta da Xunta Directiva, e refrendado pola Asemblea de Socios/as da Sección. Contra este acordo de baixa poderase interpor recurso ante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

CAPÍTULO III

ESTRUTURA ORGANIZATIVA DA SECCIÓN

Artigo 12.- Serán órganos de goberno: A Asemblea de Socios/as da Sección e a Xunta Directiva.

Artigo 13.- A Asemblea de Socios/as é o órgano supremo da Sección e estará constituída por todos os membros da Sección, coas obrigas e dereitos contemplados nesta normativa.

Artigo 14.- A Asemblea de Socios/as da Sección poderá reunirse en sesión ordinaria ou extraordinaria.

Reunirase en sesión ordinaria unha vez ao ano para tratar, polo menos, dos seguintes temas da súa competencia:

- a) Coñecemento, discusión e aprobación, no seu caso, do balance económico do exercicio anterior e do orzamento de ingresos e gastos para o exercicio seguinte.
- b) Aprobación, no seu caso, da Memoria de xestión que presentará a Xunta Directiva.
- c) Informar das modificacións do Regulamento de Réxime Interior.
- d) Fixar a contía das cotas ordinarias e extraordinarias.
- e) Presentación e, no seu caso, aprobación de propostas de traballo para un posterior desenvolvemento pola Sección.

Artigo 15.- Con carácter extraordinario reunirase cando sexa convocada polo/a Presidente/a da Sección e/ou a petición do 20% dos membros da Sección.

Artigo 16.- A Xunta Directiva estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente/a.
- Vicepresidente/a.
- Secretario/a.
- Tesoureiro/a.
- Entre tres e cinco Vogais.

Artigo 17.- A Xunta Directiva será elixida na Asemblea de Socios/as por todos/as os/as socios/as da Sección, que poden actuar como electores e elixibles. O procedemento de elección será o seguinte:

- 17.1. A elección da Xunta Directiva realizarase, cada catro anos a través de votación directa e secreta de listas pechadas con expresión de cargos, que serán presentadas como candidaturas á Xunta Directiva con 45 días de antelación, como mínimo, ao día da elección. En todo caso, o réxime electoral será equivalente ao contemplado nos Estatutos para a elección da Xunta de Goberno.
- 17.2. As eleccións á Xunta Directiva serán convocadas a través de comunicación persoal a todos os membros da Sección con tres meses de antelación ao día da súa realización. A convocatoria incluírá as normas de votación, o calendario electoral, os requisitos que caberán ao proceso e prazos dos mesmos.
- 17.3. Un mes antes das eleccións a Xunta Directiva fará chegar aos membros da Sección a información sobre as candidaturas presentadas incluíndo, se fora o caso, as súas propostas de programas para a Sección.

- 17.4. A votación realizarase coas papeletas previstas ao efecto e non se admitirán como válidas aquelas que non sexan as oficiais ou estas últimas cando sufriran modificacións.
- 17.5. O réxime electoral será equivalente ao contemplado nos estatutos para a elección da Xunta de Goberno, facendo constar o horario de apertura e peche da urna o día das eleccións, non se contemplará a delegación do voto e para o voto por correo seguirase o procedemento establecido no artigo 41 dos estatutos colexiais.
- 17.6. A Mesa Electoral será elixida por sorteo supervisado pola Comisión Electoral entre os asistentes á Asemblea de Socios/as da Sección e estará composta por un/unha Presidente/a, Secretario/a, e dous/dúas Vogais coas funcións que lles son propias e que non sexan cadidatos. Tamén poderá participar nela un/unha interventor/ora por cada candidatura, con voz pero sen voto.
- 17.7. O/A Secretario/a, co visto e praxe do/a Presidente/a, levantará acta da elección, na que constará a composición da Mesa, os votantes que exerceron a dereito ao voto, os votos recibidos por cada candidatura, os nulos e os votos en branco e as incidencias e reclamacións.
- 17.8. Será elixida como nova Xunta Directiva a candidatura máis votada, que tomará posesión nun prazo máximo de dous meses.

Artigo 18.- A Xunta Directiva xuntarase por convocatoria do seu/súa Presidente/a, por acordo unánime dos seus integrantes, ou a petición dun tercio dos mesmos. Será convocada polo/a Presidente/a con 48 horas de antelación á súa realización como mínimo, especificando a orde do día, lugar de celebración e hora da mesma. Os seus acordos requirirán, para ser válidos, o voto favorable da metade máis un dos seus membros.

Artigo 19.- A Xunta Directiva poderá constituír unha Comisión Permanente que deberá contar coa presenza polo menos de tres membros, incluíndo o/a Presidente/a, ou de non ser ese o caso, do/a Vicepresidente/a para adopción de acordos e medidas urxentes cando así sexa necesario e que deberán ser refrendadas pola Xunta Directiva nun prazo máximo de sete días.

Artigo 20.- Corresponde ao/á Presidente/a convocar e presidir as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea de Socios/as da Sección, así como representar á Sección no ámbito da súa actuación e no marco do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

O/A Vicepresidente/a substituirá ao/á Presidente/a en caso de ausencia e desempeñará todas aquelas funcións que aquel/a lle delegue.

O/A Secretario/a desempeñará todas as funcións propias do cargo, realizará a Memoria anual correspondente, custodiará a documentación da Sección e estenderá certificados.

O/A Tesoureiro/a ten a responsabilidade da custodia de fondos e da execución do orzamento, informando á Xunta Directiva periodicamente do seu desenvolvemento.

Os/As Vogais participarán nas tarefas de goberno e asistirán ás reunións asumindo as funcións que se lles asignen.

Artigo 21.- É competencia da Xunta Directiva da Sección:

- a) Executar os acordos da Asemblea de Socios/as.
- b) Manifestar a opinión da Sección en asuntos de interese profesional.
- c) Representar os intereses profesionais, velando pola proxección pública e o prestixio da profesión nese ámbito.
- d) Presentar estudos, informes e dictames cando lle sexan requiridos, asesorando á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ámbito da súa competencia.
- e) Propoñer á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o exercicio de accións en defensa dos intereses profesionais.
- f) Someter calquera asunto de interese xeral á deliberación e acordo da Asemblea de Socios/as da Sección.
- g) Organizar as actividades e servizos dirixidos aos/ás socios/as da Sección.
- h) Informar puntualmente aos/ás socios/as das actividades e acordos adoptados.
- i) Aprobar a constitución de grupos de traballo específicos de funcionamento interno e coordinar a súa actividade garantindo a adecuada relación entre funcionalidade e eficacia organizativa.

Artigo 22.- A Xunta Directiva constituirá, a iniciativa propia ou a petición de varios/as socios/as da Sección, grupos de traballo. A constitución rexerase polo previsto a continuación:

22.1. Os/As promotores/oras dirixirán a proposta á Xunta Directiva, na que se especificarán os obxectivos para os que se constitúe e as condicións de participación dos asociados nos mesmos. A Xunta Directiva, contrastada a súa adecuación aos fins xerais da Sección, adoptará a decisión de aprobación ou denegación da súa constitución como grupo oficial de traballo da Sección. De ser aprobado, preverá as medidas de apoio oportunas para o desempeño da súa actividade.

De resultar denegada a proposta, os/as seus/súas promotores/oras poderán procurar, se o desexan, a súa constitución sen un carácter oficial.

22.2. A Xunta Directiva informará anualmente á Asemblea de Socios/as das decisións de aprobación ou denegación da creación de grupos de traballo e da Memoria de actividades de estes.

Artigo 23.- A Xunta Directiva prestará a atención debida aos requirimentos que lles poida efectuar o/a Valedor/ora dos colexiados e colexiadas.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO

Artigo 24.- A Sección contará con autonomía para a xestión do seu orzamento.

Artigo 25.- A Sección dispoñerá das seguintes fontes de financiamento:

25.1. A procedente da asignación que o Colexio proporcione anualmente con cargo aos orzamentos xerais, que en todo caso será en cantidade suficiente para garantir o seu funcionamento.

25.2. A procedente da recadación das cotas dos seus membros, se a Asemblea de Socios/as da Sección considerase conveniente establecelas.

25.3. A procedente de captación de recursos alleos, dos beneficios xerados na súa actividade ou de doazóns.

Artigo 26.- Ademais do disposto na normativa contable do Colexio, a Sección levará a cabo unha contabilidade diferenciada accesible a calquera asociado/a cando así o solicite a Presidencia da mesma.

Artigo 27.- Os órganos directivos serán os responsables da xestión e xustificación da actividade económica da Sección.

Anualmente a Xunta Directiva presentará, para a súa aprobación pola Asemblea de Socios/as da Sección, o Balance Económico do Exercicio Anterior e o orzamento de ingresos e gastos para o seguinte.

Artigo 28.- A Sección establecerá o réxime de compensación dos gastos que aos/ás asociados lle xenere o desenvolvemento de actividades propias da Sección de interese xeral e para as que previamente fora elixido. As compensacións non poderán superar a contía do previsto no réxime xeral do Colexio e non poderán ter finalidade remunerativa.

Artigo 29.- A Sección establecerá o réxime de remuneración de actividades docentes ou calquera outras de carácter laboral desenvolvidas para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 30.- Todo proxecto de actividade da Sección, calquera que sexa a súa natureza, que supere en custo o 70% do seu orzamento anual deberá ser autorizado pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Unha vez aprobada pola Asemblea de Socios/as e pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a modificación do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Xurídica, as competencias e funcións da Xunta Directiva e da Asemblea de Socios/as, rexiranse polo previsto neste Regulamento.

En todo caso, o Regulamento de Réxime Interior de cada Sección deberá someterse ao regulado polo Regulamento Marco, sendo a Asemblea Xeral de Colexiados/as quen resolverá calquera dúbida sobre a interpretación dos regulamentos de cada Sección e deberá pronunciarse sobre os aspectos non regulados por eles.

DISPOSICIÓN FINAL

Corresponde á Asemblea Xeral de Colexiados/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a aprobación, interpretación e modificacións deste Regulamento; e á Xunta de Goberno promover a súa aprobación e modificacións cando proceda.